

Os mouros e as moursas a debate nas xornadas de literatura de tradición oral

Publicado por **Redacción**

tamaño de fonte

[Imprimir](#)

[Engadir comentario](#)

Puntuía

(1 Votar)

V XORNADAS DE LITERATURA DE TRADICIÓN ORAL

Os mouros e as moursas:
máxicos enigmáticos da mitoloxía popular

19-20 outubro 2012
Salón de actos da
Deputación de Lugo
Rúa San Marcos, 8
Entrada de balde

MATRÍCULA	HOMOLOGACIÓN	PREZOS
www.as-pg.com ou www.aelg.org	Solicitada a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por 10 horas	Matrícula gratuita, preferente para socios/os da AS-PG e AELG

ORGANIZAN:   

PATROCINAN:   

As V Xornadas de Literatura de Tradición Oral, baixo o lema Os mouros e as moursas: máxicos enigmáticos da mitoloxía popular, organizadas pola Sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega co patrocinio da Área de Cultura da Deputación de Lugo e a colaboración da Asociación Socio-Pedagóxica Galega, terán lugar o venres 19 e sábado 20 de outubro no Salón de actos da Deputación de Lugo.

Como en edicións anteriores, estarán coordinadas por Antonio Reigosa e Isidro Novo e teñen como obxectivo revisar os avances que as novas investigacións foron achegando sobre este amplo tema.

No transcurso das xornadas abordaranse as seguintes cuestións: Identificar os seres míticos moursas e mouros como expresión simbólica singular da cultura popular galega e doutras culturas populares, identificar o pouso destes seres míticos na toponimia, orografía, nos xacementos de interese arqueolóxico e, en xeral, na memoria cultural colectiva, analizar o vello da nosa mitoloxía popular coa nosa historia, nomeadamente os relatos de moursas e mouros coas manifestacións culturais das épocas prerromana e romana, comprensión do poder da narración oral como sistema básico e imprescindible de comunicación cultural, e capacitar o profesorado para comprender e transmitir os valores da nosa cultura e da nosa mitoloxía popular, así como a súa potencialidade para a educación en valores e a integración do alumnado procedente doutras culturas.

As inscricións son de balde e xa están abertas as inscricións para socios e socias da AELG e da AS-PG ata o día 16 de outubro. Pódense formalizar dende [esta web](#).

Para as persoas que nunca traballaran como docentes en centros públicos ou concertados da Consellería de Educación resérvanse 25 prazas. Para o resto das persoas a entrada é libre, e poderán solicitar antes do día 16 de outubro en oficina@aelg.org a emisión por parte da AELG dun certificado de asistencia.